



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

OFICINA
ECONÓMICA
DE GALICIA

O modelo da empresa cooperativa

OFICINA ECONÓMICA DE GALICIA

Unha xanela única de atención centralizada

#DESBUROCRATIZAR



ÍNDICE

1. COÑECENDO A ECONOMÍA SOCIAL
2. QUE É UNHA COOPERATIVA? TIPOLOXÍAS
3. CARACTERÍSTICAS DIFERENCIADORAS



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

OFICINA
ECONÓMICA
DE GALICIA

COÑECENDO A ECONOMÍA SOCIAL



TIPOS DE ECONOMÍA



O interese da economía pública é o **interese xeral**, do estado ou territorio que administre.

Os axentes son as persoas gobernantes e as persoas gobernadas.

O seu fin é satisfacer necesidades da poboación



O interese da economía de capital é o **interese privado**.

Os axentes son as persoas propietarias e as persoas non propietarias

O seu fin é incrementar o capital investido



O interese da economía social é o **interese común**. Está baseada nuns principios e valores que poñen as *persoas por enriba do capital*.

O seu fin é satisfacer as necesidades comúns.

Existen diferentes figuras: S. Laborais- Cooperativas- centros especiais de emprego- empr. Inserción- cofradías de pescadores-



O interese da economía familiar é o **interese do propio grupo familiar**.

Trátase da xestión dos recursos e da toma de decisións económicas no grupo familiar.

O seu fin é satisfacer as necesidades do grupo familiar.





É posible a economía social?

O **FIN** da economía social é **satisfacer as necesidades comúns das persoas**.

O **MEDIO** que utiliza para conseguilo é a rendibilidade económica.

É posible si empregamos a economía como MEDIO – e non como fin – para o desenvolvemento persoal e comunitario.

É posible si utilizamos a actividade económica para contribuír á mellora da calidade de vida das persoas e do seu entorno social e comunitario.

É posible se pensamos nunha concepción e unha práctica “alternativa” ó sistema económico habitual.



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

OFICINA
ECONÓMICA
DE GALICIA

Que é unha cooperativa?



- ✓ As cooperativas son empresas **centradas nas persoas**. Pertencen á suas socias e socios, quen as dirixen e xestionan co obxectivo de **dar resposta as súas necesidades**.
- ✓ Xestiónanse de **xeito democrático** baixo a premisa de "Unha persoa, un voto".
- ✓ Son empresas baseadas en **valores** e o seu obxectivo **non se limita á creación de riqueza**, vai máis aló.
- ✓ As cooperativas **comparten uns principios** acordados internacionalmente a actúan xuntas para construír un mundo mellor.
- ✓ Grazas aos **valores** da equidade, igualdade, xustiza social nos que se basean, **permiten crear empresas sostibles e xeradoras de prosperidade** nas comunidades nas que se instalan. E outros como o respecto e a responsabilidade **favorecen as relación e o traballo en común**.





- A **Alianza Cooperativa Internacional, ICA**, polas súas siglas en inglés, fundada no **ano 1895**, une, representa e serve ás cooperativas de todo o mundo.
- No ano 1995, co gallo da II Asemblea Xeral da ACI celebrada en Manchester, celebrando o centenario da Alianza, adoptouse a nova declaración da identidade cooperativa.
- Nesa altura, amais da definición de cooperativa que podes ver na cita, reformuláronse tamén os **Principios e Valores Cooperativos**.
- Valores Cooperativos. As cooperativas baseáanse nos valores da axuda mutua, responsabilidade, democracia, igualdade, equidade e solidariedade. Os valores éticos que inspiran ás persoas cooperativistas son a honestidade, a transparencia, a responsabilidade social e a preocupación polas demais persoas.

“ Unha cooperativa é unha **asociación autónoma de persoas** que se unen voluntariamente para facer fronte as súas **necesidades e aspiracións económicas, sociais e culturais comúns**, mediante unha **empresa de propiedade conxunta e xestión democrática** ”

Alianza Cooperativa Internacional



Os Principios Cooperativos

Como empresas baseadas en **valores** e non limitadas á obtención de beneficio, as cooperativas comparten principios acordados internacionalmente e actúan en conxunto para construír un mundo mellor mediante a ferramenta da cooperación.

Primeiro principio: Porta aberta, adhesión voluntaria, aberta e non discriminatoria

Segundo principio: Xestión democrática. Unha persoa un voto

Terceiro principio: Participación económica e na xestión

Cuarto principio: Autonomía e independencia

Quinto principio: Educación, formación e información

Sexto principio: Intercooperación

Sétimo principio: Solidariedade, unión e interese pola comunidade

Tipos de Cooperativas

Cooperativas de traballo asociado:

Son aquelas que asocian voluntariamente a persoas que queren satisfacer as súas necesidades económicas mediante a creación e mantemento do seu posto de traballo

Cooperativas de servizos:

Promovidas por persoas profesionais ou empresarias para obter unha serie de servizos que favorezan os seus negocios.

Cooperativas de consumo:

Conxunto de persoas que se asocian voluntariamente para satisfacer as súas necesidades de consumo en común a través dunha empresa de propiedade conxunta e xestión democrática

As cooperativas ofrecen respostas tanto ao emprendemento, como a consolidación e mellora de negocios xa existentes. Pode ser unha vía para a transformación de empresas o relevo xeracional ou en crise. Ou pode crear alternativas de consumo e xestión dos recursos colectivos.



Tipos de Cooperativas

Cooperativas de traballo asociado:

Calquera tipo de negocio ou servizo se pode desenvolver como cooperativa de traballo asociado.

En Galicia hai unha fórmula específica que é a cooperativa xuvenil, formada maioritariamente por persoas menores de 29 anos.

Autoemprego colectivo
Transformacións empresariais

Cooperativa de servizos:

Un exemplo de cooperativa de servizos é unha cooperativa agraria, onde varias produtoras se xuntan para crear a cooperativa a través da que poden vender a súa produción en mellores condicións.

Plataformas Cooperativas

Cooperativas de consumo:

Son cooperativas de consumo aquelas que nos axudan a satisfacer a necesidade dun produto ou servizo. Por exemplo, unha cooperativa de vivendas provee as súas socias dunha vivenda nunhas condicións e características determinadas.

Supermercados Cooperativos
Comunidades enerxéticas



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

OFICINA
ECONÓMICA
DE GALICIA

Características diferenciadoras



Características

As cooperativas teñen unha serie de particularidades que as diferencian doutro tipo de empresas, vexamos algunhas delas.





Axudas

Tanto a creación de novas cooperativas, como a transformación doutras fórmulas xurídicas en cooperativas ou a incorporación de novas persoas socias gozan de apoios económicos (APROL, ESTransforma). Tamén é posible capitalizar o desemprego para a creación dunha cooperativa

Protección fiscal

As cooperativas están protexidas fiscalmente coa redución das cotas a aboar en determinados impostos. Para poder gozar desta protección é preciso que cumpran unha serie de requisitos.

Seguridade Social

As socias das cooperativas de traballo poden elixir o réxime da seguridade social no que van cotizar: xeral ou de persoas autónomas. Todas as socias deben cotizar no mesmo réxime, pasados 5 anos poden mudar de réxime.

Beneficios

Nas cooperativas os beneficios repártense en función da actividade cooperativizada. Cos beneficios han de dotarse os fondos obrigatorios da cooperativa.

Anticipo societario

Son os ingresos mensuais que percibe a persoa socia traballadora, a conta dos excendentes da cooperativa e en función da actividade cooperativizada



Conceptos Clave

Como persoas cooperativistas hai conceptos clave que debemos ter claros e asumidos para procurar a boa xestión do noso proxecto.

O poder

Nas cooperativas o poder téñeno as persoas socias, e exérceno cando están reunidas en **assemblea**.

O mando

teno a dirección da empresa, que nas cooperativas recae no **Consello Reitor ou Administración única**: as persoas socias, que foron elixidas en assemblea, e nas que se delega esta función.

Traballo, consumo

nas demais ocasións, as persoas socias deben responder como traballadoras, consumidoras ou usuarias da cooperativa, respectando os procedementos marcados



Que precisamos para poñer en marcha unha cooperativa?



Que precisamos para poñer en marcha unha cooperativa?





Queredes saber máis?



Tel.: [981 575 578](tel:981575578)
Correo: info@espazo.coop

**Impulsando un
ecosistema emprendedor
no cooperativismo**

CURSO EN LIÑA GRATUITO
»» Destinado a persoas prescriptoras de
emprego e emprendemento en Galicia

INSCRICIÓN »»

**Do 4 ao 30 de novembro
de 2025**

40 h. Con 3 sesións virtuais de aprendizaxe (11 a 12.30 h.)



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

OFICINA
ECONÓMICA
DE GALICIA

Calquera trámite transfórmase nun mero trámite: **#Desburocratizar**

www.oficinaeconomicagalicia.xunta.gal

 900 815 151

oficinaeconomicagalicia@xunta.gal